

Ó PLENO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ASUNTO: APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS: 02/2023 _ (EXT. 02/23 e SUP.02/23) [CIVIDAS:2023011470]

PROPOSTA DE ACORDO

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 01/2023. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/23), por importe de 24.720.016,00 euros, suplementos de créditos (SUP.02/23), por importe de 8.046.799,24 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 02/23), parte con baixas por anulación por importe de 2.720.016,00 euros, e con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, a parte restante, cuxo detalle indícase posteriormente.
- Os suplementos de créditos (SUP. 02/23), por unha parte con baixas por anulación por importe de 1.046.799,24 euros, para as propostas de Infraestruturas, e con maiores achegas a conta sobre as previstas no orzamento da Participación nos Tributos do Estado (Fondo complementario de financiación) para afrontar as melloras de Santa Clara, por importe 7.000.000,00 euros.

Resultando que a Intervención emite informe de data 23 de febreiro de 2023, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2023.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:



Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 02/2023 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/23) por importe de 24.720.016,00 euros, suplementos de créditos (SUP.02/23) por importe de 8.046.799,24 euros, financiados con baixas por anulación por un importe total de 3.766.815,24 euros, con maiores ingresos pola cantidade de 7.000.000,00 euros e con remanente líquido de tesourería para gastos xerais na cantidade de 22.000.000,00 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios "EXT. 02/23":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9420-762.74	A CONCELLOS_INVESTIMENTOS, PROGRAMA: "PON 2030" _ COOPERACIÓN (Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para execución da axenda 2030)	22.000.000,00 €
942_9428-462.97	A CONCELLOS, PROGRAMA EMERXENCIAS INUNDACIÓNS, GASTO CORRENTE_ COOPERACIÓN (Plan extraordinario para reparacións dos danos causados polas inundacións acometidas nos Concellos da Provincia)	1.220.016,00 €
942_9428-762.97	A CONCELLOS, PROGRAMA EMERXENCIAS INUNDACIÓNS, INVESTIMENTOS_ COOPERACIÓN (Plan extraordinario para reparacións dos danos causados polas inundacións acometidas nos Concellos da Provincia)	1.500.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	24.720.016,00 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 02/23:

A) O PROGRAMA EMERXENCIAS INUNDACIÓNS, financíase nas súa totalidade con baixas por anulacións dos importes sobrantes do PLAN EMERXENCIAS POLA SECA de 2022.

Contabilizándose as seguintes operacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9427-462.97/2022	A CONCELLOS, PLAN EMERXENCIAS POLA SECA, GASTO CORRENTE_ COOPERACIÓN	-1.436.828,00 €
942-9427-762.97/2022	A CONCELLOS, PLAN EMERXENCIAS POLA SECA, INVESTIMENTOS_ COOPERACIÓN	-1.283.188,00 €
	Total Baixas por Anulacións...	-2.720.016,00 €

B) O novo programa de investimentos para Concellos: "PON 2030", financíase na súa totalidade con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais

Contabilizándose as seguintes operacións:



CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	<i>Remanente de Tesorería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...</i>	22.000.000,00 €
	Total Ingresos...	22.000.000,00 €

2. Suplemento de Crédito "SUP. 02/22":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
333-3330-632,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS _MUSEO (Obras Santa Clara)	7.000.000,00 €
456-4530-210.00	INFRAESTRUTURA, BENS NATURAIS (REDE PROVINCIAL)_ INFRAESTRUTURAS (Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra)	1.000.000,00 €
456-4530-633.01	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE, REPOSICIÓN_ INFRAESTRUTURAS (Traslado e reinstalación de diversos equipos fixos do taller mecánico do Parque de Maquinaria na nova sede do Parque no Polígono de Barro)	46.799,24 €
	Total Suplementos de Créditos...	8.046.799,24 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 02/23:

- A) Os importes correspondentes ao traslado e reinstalación de diversos equipos fixos do taller mecánico do Parque de Maquinaria na nova sede do Parque no Polígono de Barro e para o Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra, fináncianse con baixas por anulacións da aplicación incorporada a 2023: 456-4530-612.02/2022 "Investimentos en Estradas _Infraestruturas", ditas dotacións son reducibles sen perturbación dos respectivos servizos.

Contabilizándose as seguintes operacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
456-4530-612.02/2022	INVESTIMENTOS, CONVENIOS EN ESTRADAS _INFRAESTRUTURAS	-1.046.799,24 €
	Total Baixas por Anulacións...	-1.046.799,24 €

- B) O resto do expediente destinado a investimentos nas obras de Santa Clara, financíase con maiores achegas a conta sobre as previstas no orzamento da Participación nos Tributos do Estado (Fondo complementario de financiación).

Contabilizándose as seguintes operacións:



CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-420,10	P.T.E., Fondo complementario de financiación, (maiores achegas a conta sobre as previstas no orzamento)	7.000.000,00 €
	TOTAL...	7.000.000,00 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	8.046.799,24 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	24.720.016,00 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-3.766.815,24 €
SUMA...	29.000.000,00 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impuestos directo.	0,00 €
Capítulo 2º Impuestos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Tasas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	7.000.000,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferinas de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	7.000.000,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	22.000.000,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	22.000.000,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULO...	29.000.000,00 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	1.000.0000,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	-216.812,00 €
Capítulo 6º Invetimentos reais.	6.000.000,00 €
Capítulo 7º Transferinas de capital.	22.216.812,00 €
GATOS NON FINANCEIROS...	29.000.000,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULO...	29.000.000,00 €



Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 02/2023 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/23), por importe de 24.720.016,00 euros e suplementos de créditos (SUP.02/23) por importe de 8.046.799,24 euros, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 02/2023, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

Non obstante o Pleno resolverá

Asinado dixitalmente ao marxe.

